

BASES VII TROFEO DE PROMOCION DISTRIBUNOSA

4 DE XULLO DE 2015

Organiza: Club Xadrez Padrón

Patrocina: Distribunosa

Colabora: Concello de Padrón, Hotel Scala e Federación Galega de Xadrez

Local de xogo: Hotel Scala, Padrón

Ritmo de xogo: Sistema suizo a 7 roldas con ritmo de 10 minutos + 5 segundos/xogada.

Categorías:

Sub-8: nados no ano 2007 e posteriores.

Sub-10: nados nos anos 2005-2006.

Sub-12: nados nos anos 2003-2004.

Sub-14: nados nos anos 2001-2002.

Calendario de xogo:

10:15: Presentación das listas de xogadores.

10:45: Rolda 1ª.

11:50: Rolda 2ª.

12:40: Rolda 3ª.

13:30: Rolda 4ª.

16:00: Rolda 5ª.

16:50: Rolda 6ª.

17:40: Rolda 7ª.

19:00 Clausura, entrega de premios e sorteo.

Inscripcións: Ata as 12:00 horas do 02 de xullo de 2015. [Formulario inscricions.](#)

Mais información en trofeodistribunosa@gmail.com ou no telefono 686 938 024.

Para inscribirse e participar e obrigatorio ter seguro deportivo, polo cal, previamente a inscrición, os xogadores non federados deberan abonar 2€ para cumprir este tramite, sendo responsabilidade dos seus clubs, entidades deportivas ou colexios non cumprimentalo.

Comida: O Hotel Scala porá a disposición dos participantes un menú infantil a 6 € e menú adulto a 10 €, solicitados previamente na recepción do hotel.

Premios:

- Trofeos para os 5 primeiros clasificados e para a 1ª clasificada en cada categoría.
- Os torneos están incluídos no IX Circuito Galego Promoción 2015.
- Todos os participantes que finalicen o torneo recibirán un obsequio.
- Na clausura farase un sorteo con distintos obsequios entre todos os participantes.
- Para recoller os premios é obrigatorio estar na cerimonia de clausura.

BASES TÉCNICAS:

O árbitro principal será o árbitro internacional Francisco Ogando González.

- Antes do inicio da primeira rolda publicaranse a orde de forza só ordenada por ELO FIDE
- **Empregarase o programa Swiss Manager para realizar os emparellamentos.**
- Non se permitirá analizar partidas na sala de xogo.



- **O tempo de retraso permitido será de 10 minutos**, pasados os cales o xogador que non compareza perderá o encontro.
- O xogador que teña unha incomparecencia sen causa xustificada será retirado do torneo.

SISTEMAS DE DESEMPATE

- O **primeiro** sistema de desempate será o **encontro directo**, sempre que tódolos xogadores empatados a puntos xogaran todos entre sí.
 - O **segundo** sistema de desempate será a variante Brasileira do Bucholz (quitando a peor puntuación).
 - O **terceiro** sistema de desempate será o bucholz mediano (quitando a mellor e a peor puntuación dos opoñentes).
 - O **cuarto** sistema de desempate será o bucholz total.
 - O **quinto** sistema de desempate será o progresivo.
- (*) **No desempate do bucholz, aplicarase a variante do oponente virtual nas partidas non disputadas.**
- De persistir o empate tras aplicar os sistemas anteriores, os xogadores implicados xogan un Armaggedón (morte súbita) a unha partida, o branco con 5 minutos e o negro con 4 minutos, gañando o desempate as negras en caso de táboas. Esta partida será supervisada polo árbitro principal.
- (*) **No desempate do Bucholz, aplicarase a variante do opoñente virtual nas partidas non disputadas.**
- Unha rolda feita pública non se poderá modificar, salvo que o árbitro decida outra cousa.
 - Si se introduce un resultado mal e se publica a rolda, esta non se modificará a non ser que o árbitro principal decida outra cousa.
 - Aplicarase o especificado no apéndice A das leis de xadrez da FIDE para xadrez rápido (ACTIVO).
 - A participación no torneo supón a aceptación destas bases.

Nota: Os participantes no torneo autorizan a publicación dos datos persoais e fotos nos diferentes medios de comunicación que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (listaxes de resultados, clasificacións, participantes, xogos, etc.)

A inscrición no torneo implica a aceptación deste regulamento.

A organización reservase o dereito de admisión.

A organización reservase o dereito a modificar as bases do torneo sen outra obrigação que a de publicalo na paxina web oficial.